Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Opiorfina

Na sala na que se expón a cerámica de Sargadelos no Museo Provincial de Lugo amósanse tres cu fabricadas na vella fábrica de Cervo no s. XIX.



Cuspideira. Sargadelos. s.-XIX. MMPLugo

As cuspideiras, que soen ser pezas elegantes, algu mango e tapadeira, usáronse nas casas nobres ata be o s. XX para recoller a saliva humana, para que non que cuspir, ouriñar ou defecar, como sucedía nas do na corte ou nun penico. Adoitaba habelas tamén en t pousadas, barberías, estacións e salóns de baile consultas de sacamoas e transportes públicos.

Usábanse para cuspir e para expectorar, e segundo o o material do que estivesen feitas (arxila, vidr madeira, ouro, prata, latón ou louza) así era a categor onde as había. Nas tendas de segunda man aínda

atopar algunhas destas cuspideiras antigas, fermosas e

Na Exposición Universal de Paris de 1900 presentáronse modelos de cuspideiras de peto e de vía deseñadas co ánimo de axudar a combater o noxento costume, xa entón de moda, de cuspir na rúa. No éxito.

O cuspe humano formou e forma parte de varios ritos curativos tradicionais, imitación seguramente d que fixo Xesús Cristo cando curou a Celedonio, aquel mendigo cego de nacemento ao que lle aplicou lama formada coa súa propia saliva e terra do camiño. Tamén cuspía sobre o doente Pedrón do Freixo, c afeccionado pontés, falecido hai pouco.

Cuspir, a pesar de ser necesidade fisiolóxica ineludible, está mal visto, polo menos facelo diante dos de educación pero sobre todo por hixiene e prevención pois o cuspe (incluído o que se intercambia inevita nos bicos de lingua) pode ser emisario de contaxios.

Resulta curioso, en cambio, que algúns deportistas como os futbolistas e os atletas (outros non pode deben, depende da disciplina que practiquen) gocen da liberdade de cuspir no campo de xogo coa única l de non facelo enriba dun contrario, do árbitro ou dos espectadores.

Mais, quen non cuspiu de cando en cando as palmas das propias mans antes de manexar unha ferra coller un volante ou para refrixeralas, arrefrialas ou quentalas, segundo as necesidades do momento!

Cando eramos mozos e descubríamos niños de paxaro procurabamos non dicirllo a ninguén pero en ca sentísemos a necesidade, moi frecuente, de revelar o segredo non o debiamos facer sen antes botar un c en caso contrario, botaríanse aos niños unhas formigas perigosísimas, as Formigas de Belén, e desf completamente.

Segundo estudos realizados recentemente por unha academia dinamarquesa, canto máis cuspe tragamos que producimos mellor pois sintetiza opiorfina, un analxésico natural seis veces máis potente que a morf acrecenta a sensación de felicidade.

Procuremos, xa que logo, ser felices. Agás que sexa vostede un dragón e expectore lume, cuspa o que po sempre para adentro e, sobre todo, nunca, endexamais cuspa para arriba que, segundo o dito, o que mal c si o ve!

©Antonio Reigosa

Serie: “Andel de Marabillas”, El Progreso, 6 de abril de 2020.